


Babel

Algo cheira a podre... Na defensa
do meu medio natural Visions
Purgandus populus Bibliotecas no
Oriente ourensán O topónimo
Barco Un dos nosos: Segundo
García Núñez

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2011. Nº 5.



EDITORIAL

Algo cheira a podre en ...!

Estatísticas tolas (máis de 4,5 millóns de parados). A cidadanía incrédula e desocupada. Os poderes públicos sen voz nin ideas que non sexan o recorte de dereitos sociais. A creses económica cabalgando na onda despois do Goberno negala.

Véndenos agora que para saír do pozo hai que dar diñeiro aos bancos; privatizar as caixas de aforros e semiprivatizar a sanidade; recortar os soldos dos funcionarios; montar unha nova lexislación laboral para abaratar o traballo e o despido; planificar as pensións máis raquícticas e a xubilación máis difícil. Sobre as costas dos traballadores fírmase un novo Pacto Social tras o apertón de mans dos sindicatos, patronal e Zapatero. Na sombra os poderosos: a casa real, os banqueiros, os empresarios, os especuladores, os publicistas do neoliberalismo, os políticos do sistema, e a clerecía, todos xuntos e revoltos, satisfeitos, brindando polos novos tempos.

Antes nos venderon igualmente que para saír da ditadura era necesaria a traizón que a esquerda política fixo nos Pactos da Moncloa durante a Transición. Xa de aquela tragaron o programa dos descendentes do franquismo e aceptaron a hexemonía ideolóxica da dereita: Monarquía, economía de mercado (explotación capitalista), e amnesia histórica camuflada de amnistía. Volveron os borbóns, impostos polo "killer" Franco, e tamén a desmemoria e o esquecemento.

Por iso tres décadas despois segue a ser un insulto e unha vileza para os que se van manter fieis á legalidade republicana, para os que van a loitar pola democracia e a liberdade nos momentos máis negros da tiranía. A memoria democrática non pode cometer a inxustiza de esquecer os crimes da ditadura, de sinalar aos asasinados, de denunciar a represión e o obrigado exilio, de esixir a condena total do franquismo, e de recoñecer e honrar a todos os homes e mulleres que van sacrificar a súa vida pola liberdade e as conquistas sociais e legais do quinquenio republicano, vai xa máis de setenta anos.

A exemplo do traballo e da constancia das organizacións que loitan pola recuperación da memoria, podemos sentar as bases para plantarlle cara a un sistema político corrupto, na que a socialdemocracia, que integra a tiranos como Mubarak, fai o triste papel de policía bo do capital.

Aveciñanse tempos difíciles mais con boas razóns para a esperanza.

Ao peche deste número de Babel enterámonos da morte, aos 92 anos, de **Felicita Fernández Cadórniga**.

Natural de Oval, no concello de Rubiá, despois de ver como a Lexión asasinaba a súa nai, Adoración Fernández, e a súa irmá, Remedios, nunha expedición de castigo, integrouse na guerrilla antifranquista. Tras sufrir as consecuencias da represión e pasar pola cadea levou unha vida marcada pola discreción. Sirvan estas liñas de recordo e homenaxe a unha muller loitadora e solidaria.

ECOLOXIA

Na defensa do meu entorno natural

Pena Survia

Partimos do feito de que o pobo de O Barco, falando arquitectónicamente é unha merda, e temos en contraposición que o seu entorno é privilexiado cando nos estamos a referir a él coma paisaxe. A vila onde viven arredor de 15.000 habitantes é un núcleo urbán carente de persoalidade a pesar dos lavados de imaxe dos derradeiros anos. Aniquilamos o escaso pasado de construcións populares e convertemosnos en neoeruditos pasando a reivindicar un casco vello, tamén carente de idiosincracia propia. Vertebramos as ideas ata con pasarelas sobre o río, limpamos as beiras do Sil tratando de adocenas, suavizalas. Modificamos as rúas da vila unha e outra vez,

reparamos a cotío as desfeitas das sinrazóns urbanísticas...

¿Ten arranxo o espacio urbán? Parece ser que algo si se pode cambiar, pero ¿é loable tanto esforzo? ¿paga a pena tanto desembolso económico? A desfeita do meu pobo empeza a estenderse ao seu entorno natural. Tendemos a priorizar en clave de millorar a vila en detrimento do que temos ao noso lado. Empezamos en demasía a destrozarnos para pensar que imos vivir millor nas cidades, no meu pobo de O Barco. Destrozamos o monte cunha industria extractiva de pizarra agresiva, ou de caliza. Vendennos que necesitamos máis potencia de electricidade para xustrificar a montaxe de



novos encoros sobre o río Sil. Cravamos multitude de muíños de vento sobre as nosas serras para levar máis megavattios ás vilas. Duplicamos a potencia dos tendidos eléctricos sobre os nosos montes pasando de 200.00 voltios a 400.000 voltios (liña de alta tensión entre Trives e a Serra Aparecida) enchendo a paisaxe de torretas xigantes eléctricas.

En Galicia a poboación tende a diminuír, pero seguen a vendernos que necesitamos máis de todo: máis potencia de luz, máis estradas, máis trens de alta velocidade (¿será para velos pasar a velocidade de páxaro?), máis centros culturais, máis monumentos, máis xulgados, máis ...de todo. E as veces temos aquilo novo que buscamos ao lado, no vello. Un exemplo: durante dúas ou tres décadas construímos sen tregua no Barco. Edificios administrativos, residencias para terceira idade, centros de ensino, e deixamos que en cuestión de dous ou tres días destrúan un poboado obreiro completo en CEDIE, e ningún político nin partido da comarca dixo nada. Ou si, se dixo: a zona de Martaguisela ía ser un centro de novas empresas que se afincarian alí e que ademais virían acompañadas dun novo desenvolvemento urbanístico.

Esquecemos o entorno e non contentos con isto, tendemos a maltrátalo, por que somos da idea dos cazadores: a natureza é unha peza a batir para engullila ao noso servizo, e se non podemos caza-la ou aniquilala, despreciamola.

Tremendo é o bosque de O Teixadal de Casaio que está ahí ao lado, vilipendiado e maltratado polas autoridades por non dalo a coñecer, por permitir a caza furtiva no seu ventre, por mirar para outro lado cando é acosado por incendiarios. Tamén ignoramos as manchas de sobreiras, aciñeiras ou "alcornoques" da comarca valdeorresa, a beleza das beiras dos ríos Mariñán ou Galir.

Non mostramos estes tesouros da natureza do redor noso. Preferimos facer conglomerados turísticos entre diferentes concellos e discutimos xa dende o primeiro día quen preside o novo tinglado. Trazamos a tiraliñas e Gp's novas rutas xacobas e ata romanas, aderezadas de viño ou de abundante "bebercio". Poñemos un poste aquí, outro alá, e mentres para lavar a nosa conciencia imos elexir no Casino o "barquense do ano" para

rematar escoitando as máis das veces, a algún iluminado falar no pregón da festa correspondente das excelencias do noso botelo ou de noso pobo, que tanto lles da.

Falaba antes do bosque do Teixadal, que por se mesmo tiña que ser o emblema que dera a coñecer polo mundo a nosa comarca. Tendo a falar del porque penso que se ninguén o remedia ten os días contados, e non me gustaría que por ser o 2011 o *Ano Mundial dos Bosques* tivesemos que falar nalgún intre del en tempo pasado.

É un berro que me sae do estómago para reclamar o sitio e o protagonismo que ten que ter a natureza na vida das xentes de O Barco. Temos que ser capaces de ollar para as aforas do pobo e a pesar de que queime ver as tremendas feridas que teñen os nosos montes, aínda podemos ou temos que influír que nos discursos dos nosos políticos se fale menos do ladrillo ou do cemento (agora chaman a isto biodiversidade sostible) para instalar en eles o debate do medio natural no que nos atopamos. Hai que convencer aos políticos de que hai que tomar medidas encamiñadas á defensa do medio natural e venderlle á sociedade que esas medidas son beneficiosas, e se me apuran tamén son rentables en termos económicos.

Unha última reflexión: sen menospreciar o valor cultural ou gastronómico dun botelo, ¿que sería máis doado para O Barco: mil comensales entorno a unha mesa dixerindo este noble embutido ou que ese mesmo número de persoas visitasen o bosque do Teixadal no prazo dun ano e descubran o seu valor?



Visionarios

Xosé Luis Arias

Estimado señor Bush: cuando en su libro Decision Point se refiere usted a José María Aznar (Ánsar) como un "líder visionario", ¿quiere decir con ello que el ex presidente español ve visiones? Si la respuesta fuera afirmativa, ¿sería tan amable de decirme si en algún momento fue él quien le aseguró a usted haber visto las armas de destrucción masiva? Muchas gracias.

Enrique Chicote (Lectores, Público 12-11-2010)

Vivimos nunha sociedade gobernada pola ideoloxía do liberalismo económico sen límites, sometidos ao totalitarismo nihilista do mercado e inmersos nunha profunda crise.

Abunda moito individuo flotante (desligado normativamente do resto dos individuos) buscando remedio na astroloxía como pseudociencia tecida de certo verniz científico-comercial que fai acto de presenza nas canles da *telestiércol* a calquera hora da madrugada televisiva. A Iker Jiménez hai que engadir agora unha señora británica que contacta en directo con espíritos.

Houbo un tempo en que recibía moitos correos electrónicos de jes-extender e viagra (un mal amigo o pode ter calquera) pero hai uns días, apareceume na pantalla do ordenador o seguinte: **TARA** *Médium visionaria. SOLICITUD DE VIDENCIA GRATUITA. Me comprometo GRATUITAMENTE a realizar hoy su VIDENCIA URGENTE Y CONFIDENCIAL, sea cual sea el problema personal o financiero que le atormenta.* O realmente tormentoso é que poidas recibir semellante mensaxe.

A Real Academia da Lingua define visionario como aquel que ve ou cre ver visións. Quen se adianta a seu tempo ou ten visións de futuro. Nesta definición encaixan tanto os profesionais da parapsicoloxía como os representantes políticos.

Está tan asumido socialmente que digan, vaticinen ou aproben proxectos negativos para os intereses dos cidadáns que se acepta con resignación como si fose un mal endémico das democracias. O inevitable, remata por eliminar a responsabilidade (entre as razóns para considerar algo como inevitable, podería figurar a pasividade, a ineficacia das

accións para evitalo).

Sirvan como mostra algúns exemplos:

Maruja Zorrilla: 806570000 (Gabinete General) botándolle as cartas a un telexoquete o 14-1-11 en TV13.

- *Hola! Parece que tenemos una nueva llamada. ¿Cómo te llamas? - Nerea y quería saber si voy a tener algún tipo de relación amorosa este año.*

- *M.Z: Está mu mal el ganao. A ti te gusta una persona que tiene pareja. Futuro no tienes con el, pero yo que tú aprovecharía el momento. Llegarás a tener pareja algún día.*

- **Zapatero:** *La crisis "es una falacia, puro catastrofismo". "Estamos creciendo por encima del 3%. Aunque mañana crezcamos al 3% o al 2,8%, que es un crecimiento bueno, vamos a seguir creando empleo y teniendo superávit".* (14 de Xaneiro de 2008).

- **Feijóo:** *"A mí me gusta hablar en gallego en el Parlamento y yo ejerzo mi libertad, de la misma forma que mis compañeros ejercen su libertad de hablar en castellano. Y yo creo que en eso consiste la libertad".* (Arquivado na Cope o 28-04-09).

Se a liberdade para este señor consiste en que cada un poda falar na lingua que queira; cal é o problema? Para que o seu partido presidido por Fraga (quen sendo Ministro de Información e Turismo en 1967 ameazou con pechar o xornal *La Voz de Galicia* se lle outorgaban un premio a un artigo escrito en galego. O director do xornal, Francisco Pillado Rivadulla, foi multado con 50.000 pesetas) aprobou por unanimidade no parlamento galego a *Lei de Normalización Lingüística* o 15 de xuño de 1983?.

- **M. Dolores de Cospedal:** *"Nosotros hemos esta-*

do en contra de la reforma de la Ley del Aborto (del gobierno), pero hemos gobernado con una ley del aborto (en alusión a la del año 1985) que respetaba y defendía la vida". (Público 5-11-2010). Delirio? Visión? Agora se entende que diga que o seu é o partido dos traballadores, e asemade revolucionario; nin unha feminista radical se atrevería a dicir algo semellante.

Durante unha entrevista no programa *Los Desayunos de RTVE*, valorou a situación económica de España e a xestión de Zapatero na crise:

"Lo primero que tenemos que pensar, como se puede usted imaginar, es el estado en que nos vamos a encontrar las arcas públicas y, lamentablemente, y digo lamentablemente, el próximo gobierno de España yo estoy convencida va a ser del Partido Popular, pero el próximo gobierno de España se va encontrar con la peor herencia económica que se haya encontrado ningún gobierno de la democracia, desde hace muchos años..."

Fala das arcas públicas cando o partido ao que pertence está presuntamente implicado na maior malversación de diñeiro público - trama *Gürtel* - na historia da nosa democracia.

- **George W. Bush** :

Personaxe sinistro que nunca debeu abandonar a bebida responde nunha entrevista co presentador Matt Lauer, da canle de televisión *NBC*: *"Eu fun unha voz disidente. Non quería utilizar a forza contra Irak"* e escribe no seu libro de memorias *Decision Point*: *"Ninguén puido sentirse máis furioso ca min cando souben que non existían as armas de destrución masiva. Poñíame malo e aínda me pon cada vez que o penso"*. Insiste en que é un tipo *"sinxelo e honesto"*.



Encaixaría perfectamente como protagonista do famoso chiste: <<dous cazadores están no bosque, cando un deles se desmaia e deixa de respirar. Seu compañeiro chama polo móbil a urxencias e grita: Meu amigo está morto!, que debo facer?>>. A operadora contesta: <<tranquilícese; desde aquí non podemos facer nada. En primeiro lugar asegúrese de que está morto. Sigue un silencio, logo se escoita o disparo dunha escopeta, e o cazador di <<vale, xa está, e agora que?

Acostumados como estamos ás mentiras dos políticos, esquecemos a inmensa capacidade de autoengano que posúe o ser humano así como a facilidade sen límites para proxectar ao mundo exterior as súas propias fantasías gobernadas polo inconsciente, que induce condutas que nós atribuímos falsamente a unha <<vontade>> ou <<libre albedrío>> que agora cuestiona a neurociencia, condicionamentos psíquicos dos que non somos conscientes. (Francisco J. Rubia *"El fantasma de la libertad"* pp, 8).

Aos votantes das democracias homologadas se lles fai crer que son libres, autónomos; o seu deber é ir votar exercendo un dereito fundamental convencidos de que son eles os que quitan e poñen aos políticos co seu voto. Se converte en decisivo o que non pasa de ser un mero xesto técnico. *"Lo que equivale a decir que el individuo no <<decide>> como tal en democracia y que quienes deciden son estructuras supraindividuales que moldean las decisiones de los propios individuos..."* (298-299, *"Panfleto contra la democracia"*, G. Bueno).

Argumento moi ben levado ao límite por *El Roto* na viñeta aparecida en *El País* (23-11-2010). Enriba do debuxo dun burro pon: *DADME DINERO PARA UNA CAMPAÑA Y YO TAMBIÉN CONSEGUIRÉ VOTOS.*

Presumiamos con orgullo de ser herdeiros dos gregos e da Ilustración <<sapere aude>> abandeirados da metafísica Razón (a emancipación a través de pensar e decidir por un mesmo) e resulta que veñen os neurobiólogos e nos din que quen realmente nos dirixe é o sistema límbico (hipocampo, amígdala). Na toma de decisións son as emocións, os sentimentos os que resultan determinantes.

Todo un atentado contra a civilización occidental baseada no innatismo do libre albedrío, na res-

ponsabilidade, no pecado e a culpa.

A investigación científica demostra que a liberdade é unha creación histórica e social e non un acto intencional psicolóxico, e que a vontade non aparece localizada no cerebro.

Cando desenvolvemos calquera actividade as nosas redes neuronais xa resolveron a cuestión uns milisegundos antes de que a executemos: "*A iniciación do acto voluntario libre parece comezar no cerebro de maneira inconsciente, ¡ moito antes de que a persoa saiba conscientemente que quere actuar!*" (Benjamin Libet). Significa iso que entón non somos responsables dos nosos actos?.

Admitir esta nova realidade biolóxica en termos físicoquímicos obrigaría a revisar todo tipo de relacións humanas. Estaríamos ante unha auténtica revolución. Sería posible a convivencia sen as normas xurídicas que regulan o noso comportamento baseado na libre elección e a responsabilidade individual? De momento, non. Situación insostible que nos devolvería á barbarie.

A responsabilidade en sentido positivo, se atribúe ao suxeito operador en relación

con outros suxeitos operatorios do seu entorno: un suxeito responde dos seus actos ante outros suxeitos que o xulgan e que teñen a capacidade de reaccionar ante el. Está ligada as normas morais ou políticas do grupo social de referencia.

O problema aparece cando reina a pasividade e a inactividade dos que deberían velar polo cumprimento desas normas, facilitando a aparición de individuos que se amparan en mecanismos formais abalados polo adxectivo "democrático" para defender os seus propios intereses en nome de algo tan confuso como iso que chaman "pobo".

Así como os discípulos de Nostradamus non se responsabilizan das súas predicións; os políticos dificilmente dimiten porque saben que o resultado das súas fantasías delirantes por moi disparatadas e corrutas que sexan non lle van a pasar factura a curto prazo. Ao contrario do que lle ocorrería nas súas vidas privadas onde fracasarían se deixaran

de analizar as posibles consecuencias dos seus plans, tanto a nivel individual como familiar. Temos moitos exemplos: *Yak-42, cidade da Kultura* -soño infame dun visionario que non debería estar exento de responsabilidade penal- *presunta financiación ilegal do PP, caso Planells* (subdelegado do goberno de Barcelona), *presunta financiación ilegal do PSOE de Sevilla*, etc. Amparados por éxitos electorais tratan aos que din representar como a cativos en véspera de Papá Nöel.

Titular: *FEIJÓO SE ENCOMIENDA AL APÓSTOL FRENTE A "LAS NEGRAS SIMAS DEL OLEAJE ECONÓMICO"*. Na cerimonia de peche do Ano Santo, reivindicou "*novas ilusións*" e agradeceu a Santiago o "*milagre*" dos nove millóns de visitantes durante o Xacobeo.

Políticos así son imprescindibles, mediadores que poden contactar con apóstolos; creadores de ilusións capaces de contaxiar alegría como os piasos *Gabi, Fofó e Miliki*, ou os Reis Magos (primeiro escalón da corrución de menores que

chega ao seu cumio coa factoría Disney).

Trompetas da ultradereita apocalíptica anuncian sen descanso a chegada do novo superheroe-visionario << *con mi gobierno habrá crecimiento sólido y empleo en dos años* >> (Rajoy, *El Mundo* 30-1-2011).

Así soa o seu modelo liberal:

impostos baixos, liberalización dos mercados, desregulación do sistema financeiro, privatización dos bens do Estado e o mínimo gasto público posible. Isto foi o que fixeron en Irlanda que era o seu máximo referente ata que tivo que ser rescatada. Hoxe xa non queren saber nada do tema.

O *Seu delfin* sabe moi ben como aplicalo. Desde que asumiu o poder, en Galicia se destrúen 148 empregos diarios, 4.898 persoas deixaron de inscribirse no INEM e 12.875 emigraron. O paro medrou case o dobre da media estatal. A culpa antes era do bipartito. O 15 de novembro de 2008 afirmou en Gondomar diante de 600 mozos: "*Galicia tiene instrumentos para frenar la crisis*



que no están siendo empleados con eficacia".

Agora o responsable é ZP. Afirmar non ter "competencias" para solucionar o problema do desemprego. Inconscientemente se declara incompetente.

Non importa o que digan, se dirixen a un público que prefire con toda lexitimidade o fútbol e *Gran Hermano* a ler un libro ou a visitar unha exposición de pintura. Son eles os que depositan as papeletas na urna garantindo a festa "democrática" en medio dunha cada vez máis progresiva desaparición das categorías políticas dereita/esquerda. Non nos enganemos por moi doloroso que resulte admitilo: non é cuestión de educación. A democracia actual non funcionaría mellor por ter máis cidadáns cultivados. O propio sistema non se sostaría. Sería permanentemente cuestionado; triunfaría a abstención.

Asumido que non hai democracia sen mercado, serán os intereses mercantís os que esixan outra figura social que encaixe mellor: o consumidor infantil e irresponsable, de fácil manipulación emocional e que reflicte bastante ben o arco parlamentario. Como explicar senón a insistencia no voto a persoas que dilapidan o diñeiro recadado no erario público, ou aos que aproveitan o cargo para colocar a familiares e amigos (porteiros) na administración facendo apoloxía caciquil.

TARA

Estaba tumbado no sofá facendo zapping -poderoso mando a distancia- cando apareceu a cara de Mercedes Milá. Pode suceder que si lle aguantas a mirada máis de dous minutos seguidos quedas

impotente ou sufras un ataque de narcolepsia. Aproximándome á fase REM contactei con TARA e solicitei a miña videncia particular: *"Vexo moitos suxeitos desamparados que carecen de traballo e vivenda; o ideal de benestar dilúese. Empeoramento da crise económica, convulsións sociais e conflitos coa Igrexa. Intento de redefinir a estrutura e o funcionamento do Estado. Proxéctase unha nova realidade onde estea ausente a obsoleta e anacrónica Coroa. A recesión pode provocar unha crise no funcionamento das institucións políticas".*

Escóitase o eco dun discurso. *"En el mundo civilizado -dice- todo está en crisis; los dogmas religiosos estudiados como otros tantos fenómenos históricos, se desmenuzan se aclaran y se explican a la luz de las más recientes investigaciones de la filología y la psicología; la organización económica en todos sus aspectos, es condenada en nombre de un principio de justicia más alto, que no puede sancionar la aspereza y brutalidad del régimen capitalista (...)"* Manuel Azaña.

(...)"Y, sin embargo, la crisis es la gran oportunidad para reafirmar esta solidaridad, ya que el capitalismo financiero acaba de demostrar una vez más que no tiene patria, sino solo intereses, que son los de las grandes empresas multinacionales" (...) Sami Naïr (*El País* 17-7-2010 *La impotencia de la Izquierda europea*).

Nos balcóns hai gritos de alegría e ondean bandeiras tricolor celebrando a proclamación da III República.



Purgandus populus

Amse Novoa Paradelo

Que faría a xente que comete pecados nesta vida, se o mundo fose, xa non ideal ou xusto; mais lúcido? Que sería de tantos e tantos bébedos de poder, se de declarar unha lei seca, estivesen expostos, non ó escarnio popular; á lembranza do colectivo? Non podo evitar preguntarme igualmente, que sería de nós nunha realidade alternativa onde o respecto e o civismo fosen máximas á hora de vulgar os crimes acontecidos.

Se ninguén quedase impune dos males feitos, os tiranos terían morto nos cárceres? Os traidores non terían estatuas nas rúas? As efixies dos asasinados non terían ocupado marcos nas fronteiras das aulas xamáis, non sendo obxecto dalgunha perversa idolatría descarada, defendida a morte por unha parte da sociedade, que aparentemente exenta de consecuencias, aínda atenta contra a intelixencia da vida, no nome dun falso iconoclasismo, dun esquecemento social que lles convén? Serían os seus herdeiros personificación da alienación humana? Dubidarían, buscando convencer, en se servir dos nomes dos poetas ós que lles cortaron as alas, en se escudar tras esa rebuscada candidez de autodenominados filósofos que queren deixar as feridas "pechadas"? Non é o caso. Os tiranos morren nas súas camas, os traidores teñen templos ó seu honor, os asasinados son xefes de estado con salarios vitalicios, e públicos.

Cada semana, máis ou menos, aparecen novas informacións sobre fosas comúns, inxustizas da guerra civil, a posguerra, a ditadura, os crimes imperdoables nunha suposta transición democrática. Malia todo iso, e incluso sabendo, coñecendo o groso do pobo un elevado número de culpables, non se emite xuízo ningún por ese aborto que os medios de comunicación de masa deron en chamar conciencia popular. Os mortos das desfeitas incívís só teñen cabida nas plataformas que forman esta "conciencia" cando atravesamos algunha data histórica a punto de se esquecer, ou os feitos ocorren a un nivel o bastante local ou ruidoso como para trascender os océanos de esterco desinformativo ós que someten ó público.

E a quen lle importa que famosa casou con Fulano Menganes? Por que os espazos de deportes duran máis nos telediaros que as noticias culturais? Por que consinten os traballadores en pagar as crises económicas do capital? Ata qué punto é normal que un partido que se dá "Socialista Obrero" poña en marcha os plans do neoliberalismo? Por que temos que nos axustalo cinto, culpabilizarnos a nós mesmos do problema? Por mi culpa, por mi culpa, por mi grandísima culpa.

Non pode o individuo seguir calando cando os detritus sociais pasan por malpocados. Algunha vez apare-

ce algún presunto iluminado como Garzón, que di que vai vulgar crimes de lesa humanidade, faise dono e señor dos focos, depositario das espranzas dos demandantes, e todos esquecemos que ese mesmo señor estaba dinamitando a liberdade de expresión fai un tempo, ordeando peches de medios de comunicación en Euskadi, condenando a periodistas e relacionándoos co terrorismo, mentres que agora, anos máis tarde, a súa inocencia é demostrada. Pero claro, qué lle íamos pedir ó home da "Teoría do entorno"? Que xulgase ós franquistas? Aínda que así fose, xa había outro vampiro preparado para detelo todo, disposto a prevaricar para asegurar que Garzón prevarica, valga a redundancia. O despoxo Varela, quen non quixo facer xustiza con Emilio Botín (presidente do Banco Santander naquel entón e acusado de estafa) porque según o propio Varela o Fiscal do Estado non tiña intervido todavía e logo él non podía ocuparse, sen embargo non tivo reparo en saltarse a súa propia norma, cando o "sindicato" postfalaxista, ultradereitista e ultracatólico Manos Limpas acusou a Garzón, e iso que o Fiscal do Estado si se tivera pronunciado en contra de levar adiante a acusación... Se un xuíz se salta a súa propia xurisprudencia, levando a cabo unha acción, sabendo que está mal, e asumindo como correctas as súas decisións anteriores, non prevarica?

Imos aviados, tan de merda ata a cabeza que cómpre facer limpeza urxente. Limpeza no imaxinario social. Franco e Fraga non poden ser coñecidos como grandes constructores de estradas. Manos Limpas non debe ser concebido como un sindicato. Varela non é quen de vulgar, dada a súa incapacidade para tratar temas dende a imparcialidade. Rosa Díez, Fernando Savater, Sáenz de Santamaría, Dolores de Cospedal, Miguel Bernad Remón, o axente Feij009, Zetapé, Bono, el amigo Ansar, Felipe González, González-Sinde, Díaz Ferrán, Josep Anglada, etc... "Políticos", "líderes", "intelectuais", "entrepreneurs", a maioría a salario pagado por todos, e nalgún caso con varios.. A toda esta xente débese dar a máxima difusión mediática, único xeito de se limpar a si mesmos do imaxinario colectivo, expoñéndoo ó ridículo.

Ninguén quere ter que pagar. O prezo da sangría vai medrando, pero os que a deben pagar morren pouco a pouco, a pesar de que algúns incombustibles ben poderían gañarlle a carreira ó coello de Duracell. A cuestión é entón, se imos estar dispostos a agasalla-lo sangue daqueles que venderon cara a súa vida por nós, só por un futuro máis digno para nós.

Estamos?

HISTORIA

Bibliotecas no Oriente ourensán

O acceso ao libro e á lectura das clases populares

Félix García Yáñez

O oito de decembro de 1927 un incendio destruíu en Ourense o edificio do Pazo de Instrucción Provincial (hoxe Instituto Otero Pedrayo) levantado pola Deputación no Posío coa finalidade de conter o Centro de Instrucción de Segundo Ensino. Amais da casa do conserxe as súas dependencias aloxaban a Escola Normal de Mestres, A Escola de Debuxo e Modelado, o Museo da Comisión de Monumentos, e a Biblioteca provincial. Aínda que parte do edificio non foi afectado, a zona onde se aloxaba a Biblioteca quedou totalmente arrasada. Os documentos, pergamiños, e arredor de 20.000 volumes desapareceron, entre eles varios incunables.

A Biblioteca provincial foi fundada en 1845 e organizada polo monxe exclaustro e secretario da Comisión de Monumentos, Bonifacio Ruiz, no vello convento dos xesuítas na rúa do Instituto. Os fondos bibliográficos iniciais proviñan dos mosteiros: Oseira, Ribas do Sil, Montederramo, Celanova..., que a desamortización dos bens eclesiásticos, iniciada polo gabinete Mendizábal no ano 1835, puxera a venda. A primitiva biblioteca describía Madoz:

"...en el primer piso se ve un hermoso salón para biblioteca con buena estantería, donde hay muchas y buenas obras de todas clases, especialmente en materia eclesiástica, cogidos de los conventos de la provincia...". No ano de 1896 trasládanse os fondos ao Pazo do Posío e tras o incendio e a necesaria reorganización inaugurouse de novo en 1933 instalada no Pazo Provincial.

Ata a chegada da República foi a única biblioteca pública da que dispuxeron os ourensáns aínda que existían de índole privado. Ben institucionais: a do Seminario, a da Casa do Pobo, as dos gremios e sindicatos agrarios e obreiros, o as doadas polos emigrantes ao seus lugares de orixe. Tamén dispoñían de bibliotecas individuais certos fidalgos, cregos, periodistas e escritores. A de máis sona era a de Ánxela Santamaría, marquesa de Atalaya Bermeja, que tiña de bibliotecario ao crego, escritor e experto bibliófilo, Antonio Rey Soto.

No medio deste panorama, en 1930 a taxa de analfabetismo na provincia de Ourense excedía o 45% da poboación, a nova República dende o Ministerio de Instrucción Pública inicia unha

política de alfabetización e expansión da lectura creando escolas e bibliotecas, preferentemente no mundo rural. Aos dous meses do cambio de réxime o Goberno provisional monta o Padroado das Misións Pedagóxicas, coa finalidade de completar o gran proxecto de crear 17.500 escolas nos catro anos seguintes. Unha das tarefas que o Padroado tiña encomendado era a montaxe de bibliotecas nas escolas. Nos tres primeiros anos habilitáronse 4.457 bibliotecas escolares, ás que dotaron do correspondente lote de 100 libros. Do total das 405 creadas en Galicia correspondéronlle á provincia de Ourense 123.

Para complementar ás visitas que as Misións Pedagóxicas fan a Valdeorras: Quereño, en 1932; O Barco, en 1933; e Lardeira, en setembro de 1934, montanse na comarca as primeiras bibliotecas escolares no Bolo, en Vilamartín, e en San Xusto. Mais a República para completar o traballo das Misións fundou outro organismo: a *Junta de Intercambio y Adquisición de Libros para Bibliotecas Públicas (JIAL)*. A finalidade era a compra de volumes e revistas para facer os lotes das futuras bibliotecas municipais. A JIAL

abriu, en colaboración cos concellos, as bibliotecas públicas de Maceda, Celanova, Ramirás, Allariz, e a finais de 1933 iniciou os traballos para a de O Barco de Valdeorras.

A biblioteca municipal de O Barco iniciouse cun lote de 500 exemplares e foi o seu primeiro bibliotecario o pedagogo José Rodríguez Álvarez. Natural de Viloiira, era nese momento o mestre de nenos de O Barco e fora alumno da escola que a finais da centuria anterior o médico, agricultor, masón e filántropo, José Núñez Núñez, abrira na aldea para educar aos fillos dos labregos. Azañista, durante a Fronte Popular chegara a presidente da agrupación local de Izquierda Republicana, tras da dimisión de Eulogio Gavela no maio de 1936. Destituído polo Gobernador civil ao mes seguinte do golpe militar de xullo por "sus ideas extremistas". Depurado en 1939, foi expulsado do corpo do Maxisterio

e apartado da docencia. No 1948, gracias a recollida de firmas dos veciños de Viloiira que fixeron chegar ao gobernador civil, revisouse o seu expediente e restituírono como mestre. A decisión levaba aparellada que non poidera traballar na provincia de Ourense, nin solicitar traslado durante tres anos, amais de inhabilitalo para exercer calquer posto de confianza. Ata a xubilación exerceu polas escolas rurais da estremeira provincia de León.

A biblioteca municipal de O


Barco inaugurouse oficialmente o 20 de febreiro de 1935 nun baixo de 32 m², no cruce da rúa Nova (hoxe doutor Pérez Lista) coa rúa Tafona (hoxe Lamas Carvajal), alugado ao comerciante Jesús Gurriarán. A dirixía unha xunta veciñal, nomeada polo Concello, que se responsabilizaba de mercar os libros, presidida polo notario da vila Luis Rivaya, que era socio do Seminario de Estudos Galegos. O Concello consignaba para atender á biblioteca un orzamento de 400 pesetas, das que 300 eran para pagar o aluguer. Tras unha visita previa á inauguración o inspector da JIAL describe o sentido paternalista con res-

muchos lectores, estos mismos crearán, aunque no se lo propongan, el mejor ambiente para la biblioteca. Creó que marchará bien". O inspector non sabía que o novo equipo municipal, fixérase cargo do Concello despois da destitución polo Gobernador civil no verán de 1934 dos homes que o dirixían dende maio de 1931. O paternalismo era unha manifestación despectiva cara eses homes que impulsaran a instalación da biblioteca e que militaban no republicanismo e no socialismo.

A introdución do préstamo bibliotecario, que ata a República non se practicaba en ningunha biblioteca pública de

España, como mecanismo de educación das clases populares que non dispoñían de medios nin de tempo, causaba desconfianza nos novos concelleiros do Partido Radical e da CEDA, e intentaron retrasar, ocultar, cando non impedir, a apertura da biblioteca

Bca. Municipal
de
Barco de
Valdeorras
(Ourense)



1934. Plano da biblioteca municipal

pecto a cultura popular dos homes que rexían o Concello "...este matiz parece que existe desde un cambio de Ayuntamiento que tuvo lugar hace no mucho. Se notaba cierta actitud despectiva, siquiera inconscientemente, hacía el préstamo. Hay que tener en cuenta que ese matiz paternal viene solamente de cuestión política en realidad muy profunda. La propiedad está muy dividida y hay mucho artesano e industrias, por lo que, en cuanto funcione y acudan, como creo,

pública na vila, como conta nunha das súas crónicas para o Pueblo Gallego o periodista local Xan das Cousas "...el lunes último y con asistencia de las autoridades y vocales designados por el Ayuntamiento se procedió a la inauguración de la biblioteca municipal. Aunque el hecho de la inauguración fue tan íntimo y tan silenciado que apenas se ha enterado un grupo pequeño de gente, nosotros lo consignamos para rogarle al alcalde dé a conocer este hecho por medio de unos edictos o

pasquines, señalando el lugar donde se halla instalada, forma de su funcionamiento, horas en que estará abierta, y poner un rótulo en la puerta. Esperamos esto de la diligencia del alcalde".

Con penurias e carencias a biblioteca acabou funcionando aínda que a súa vida foi efémera. O golpe militar de xullo do 1936 e a conseguinte ocupación da vila polos alzados determinou o seu peche. Os fondos bibliográficos foron expurgados no ano de 1938 por unha *Comisión Depuradora de bibliotecas del Distrito de Santiago*, montada expresamente para limpar o "suelo patrio de toda literatura disolvente", e que toda época de fanatismo leva aparelada. Coordinada por catedráticos de Santiago operaba cun auxiliar en cada provincia. Purificación Lorenzana, profesora do Instituto de Ourense, realizou a tarefa na provincia o que lle propiciou o ascenso a inspectora de ensino.

A maioría dos libros da biblioteca municipal de O Barco enviáronse a Ourense para destruílos, e os que se salvaron da depuración acabaron espallados polas casas dos militantes e simpatizantes do novo partido totalitario: a FET y de las JONS. Igual sorte tivo o pequeno lote propiedade da Casa do Pobo, ubicada na rúa Eloi Mira, que foron requisados. Os libros e publicacións atopados nas saquedas casas dos frentepopulistas foron queimados diante dos veciños, a exemplo do que conta nas súas memorias Alfonso Ortega Prada, secretario da Sociedade Agraria de Xares, A Veiga.

Durante o primeiro franquis-

mo os xerarcas do novo estado tiñan verdadeiro temor á lectura popular. Interiorizaran que o acceso a educación e a formación das masas republicanas fora unha das causas polas que se levantaran e desencadearan a Guerra Civil. A chegada ao Ministerio de Educación de Joaquín Ruiz Giménez en 1951 supón o arranque dunha política cultural dirixista enmarcada en grandes doses de populismo. Activou a dirección xeral de Arquivos e Bibliotecas e potenciou o Servizo Nacional de Lectura, a quen se lle encomendou a creación e mantemento das bibliotecas.

Na provincia xa en 1949 reabrirase a biblioteca de Celanova. A seguinte foi a de O Barco, que volveu a contar cun

ciouse a biblioteca do Casino, da que foi responsable durante décadas o socio Augusto Trincado Settier, que fora alumno do madrileño Instituto-Escuela da *Institución Libre de Enseñanza*.

A biblioteca municipal de O Barco instalouse nunha parte do baixo, uns 50 m², da nova casa do Concello rematada o ano anterior. Á inauguración acudiron todas as autoridades provinciais: Gobernador civil, Gobernador militar, presidente da Audiencia, alcalde de Ourense..., e as locais presididas polo alcalde Julio Gurriarán. O párroco Miguel Villar fixo a preceptiva bendición. O mobiliario regalado pola Deputación albergou o primeiro lote de 1.200 libros aportado polo



1957. Inauguración da biblioteca Menéndez Pidal

centro de lectura pública a partir de xuño de 1957.

Antes a empresa CEDIE, cunha factoría nas aforas da vila, montara unha pequena biblioteca, para potenciar dende o sindicato vertical a *Obra de Educación y Descanso*, con parte dos fondos bibliográficos provintes do Mosteiro de Xagoaza, que mercara recentemente. Tamén neses anos poten-

Servizo Nacional de Lectura. Bautizárona "Biblioteca Menéndez Pidal", en honor do historiador da lingua española.

Ramón Menéndez Pidal, nado na Coruña, ademais de filólogo e folclorista, nese momento era o presidente da *Real Academia Española (RAE)*, e a súa relación con Valdeorras circunscribíase a que recollera e estudara, a inicios da centuria, varias len-

das populares da saga de Roldan en aldeas da comarca.

Para atender aos lectores designouse a Luisa Carretero, membro da Sección Femenina da Falanxe. Co tempo desempeñaron tamén o cargo Joaquín González (a) "cuacúa", artesán autodidacta que fora afiliado do Partido Galeguista na República, e posteriormente o mozo Javier Alonso.

Nun mundo editorial sometido a un estrito control mediante a censura previa das publicacións, os lotes bibliográficos que o Ministerio de Educación enviada ás bibliotecas era literatura de evasión que transmitía os valores tradicionais do catolicismo trentino, obras de enaltecemento e xustificación da vitoria da Guerra Civil, e folletos e publicacións de adoutramento falanxista. Tamén tebeos cos súper heroes das factorías americanas de cómics: o Home Enmascarado, a Muller Pantera, Capitán América..., que como a leite en po e o queixo chegaban como produtos dos acordos bilaterais España-USA de 1953.

A mediados da década dos sesenta o alcalde Julio Gurriarán nomea responsable da adquisición dos fondos a Ricardo Mosquera, concelleiro de 1964 ata 1971. Natural de Santiago e licenciado en Química establecerase na vila para exercer de profesor no colexio Academia Dequidt. Debido a súa formación abriu a biblioteca a novos coñecementos xa que os fondos adquiridos baixo a súa dirección foron preferentemente técnicos e de Ciencias da Natureza.

Ca instauración da democracia e durante os anos oitenta os distintos concellos da comarca foron montando bibliotecas

municipales que complementaban as bibliotecas escolares dos institutos de Ensino Medio que nos anos precedentes estableceranse na comarca.

No Barco nesa década, a causa das remodelacións da casa do Concello, a biblioteca municipal inicia unha longa peregrinación na procura dun local definitivo. Primeiro instalouse nos baixos do edificio que albergaba a sucursal da Caixa de Aforros Provincial de Ourense (hoxe integrada na Novacaixagalicia), na Praza do Príncipe. Mais na primeira semana de outubro de 1984 sufriu os efectos do ciclón Hortensia ao seu paso por Galicia. O desbordamento do río Cigüeño, e a conseguinte inundación da praza do Príncipe arruinou a maioría dos fondos con que contaba a biblioteca. Puidéronse salvar arredor de 600 volumes, que se depositaron no local da garda urbana, na rúa dos Muíños. A biblioteca recompúxose na actual Casa da Cultura, na rúa da Estación. Edificio que fora o inicial grupo escolar da vila, inaugurado en 1960, e onde acadaron de dispor das tres vellas aulas nas que deran as clases os mestres: Manuel Hernández, Jesús Requejo, e Alejandro Arias.

Dende o ano 2.004 a biblioteca ocupa dous andares dun novo edificio, propiedade do Concello, na rúa Academia Dequidt. Dispón de arredor de 500 m², para albergar máis de 16.000 monografías, varias terminais de acceso a Internet, rede Wi-Fi, e un pequeno recuncho para sala de lectura de prensa e revistas culturais. Nestes anos a biblioteca municipal rebautizouse co nome de "Florencio Delgado Gurriarán", na memo-

ria do escritor valdeorrés exiliado en México a partires de 1939, tras recibir unha pequena doazón de revistas e documentos do poeta. Tamén agarda acoller parte de outro extenso e valioso fondo documental do autor teatral nado na vila, Lauro Olmo, doazón da súa muller, a escritora Laura Enciso.

Actualmente a biblioteca municipal Florencio Delgado Gurriarán conta con dous ou tres funcionarios baixo a dirección da técnica Teresa Andrés Diéguez.

Bibliografía:

- AGA (Archivo General de la Administración) *Fondos Educación.*
- *Educación y Biblioteca.* Ano 12, número 108. Xaneiro, 2000.
- Fernández Fernández, Ángel, "El tiempo y otras cosas en Valdeorras: años 1610 y 1810", en O Sil. Decembro, 2010. Páxina 48.
- Madoz, P. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar.* Tomo XII. 1849, Madrid.
- *Memorias do Padroado das Misiones Pedagógicas.*
- Ortega Prada, Alfonso. *Alfonso Ortega Prada: memorias de un socialista perseguido por el fascismo. A veiga (Ourense), 1936-1937.* Fundación Tilde. Santiago de Compostela, 2007.
- Redondo Abal, Francisco Xavier. *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil.* Edicións Laivento. Ames, 2009.
- Vicéns de la Llave, Juan. *España viva: el pueblo a la conquista de la cultura.* Ed. VOSA. Madrid, 2002.

TOPONIMIA

O topónimo Barco

Francisco Cobo Rodríguez

Neste último Nadal o historiador e compañeiro do *Ateneo Republicano de Valdeorras*, Félix García Yáñez, presentou publicamente un admirable libro: *Síntese da Historia do Barco*, que leva o selo da nosa asociación. A súa fin como confesou na charla-coloquio celebrada no local da librería Sargadelos, era responder a unha demanda do profesorado moi razoable: dispor dunha obra sencilla que atenda os puntos básicos do desenvolvemento histórico desta nosa localidade e o seu concello.

Os principios pedagóxicos requiren ir do microcosmos ao macrocosmos: primeiro debe coñecerse ún a si mesmo. É certo que temos grandes obras dedicadas á parcelas da historia do val e incluso visións de conxunto, como recoñeceu o autor. Na mente de todos están as de Pedro Tertuliano Hervella, o pioneiro, Augusto Quintana Prieto, Ramón López Caneda, Isidro García Tato, Antonio Castro Voces, Ángel Fernández Fernández, Ricardo Gurriarán, etc., acompañadas dun numeroso elenco de artigos deles e doutros autores, que cobren aspectos determinados, pero forman un bosque difícil de resumir para mentes tenras. En parte o baleiro se cobre co opúsculo *Valdeorras a través de la historia*, de García Tato, accesible a todos, pois figura "colgada" na web do *Instituto de Estudios Valdeorreses*, mais aparte de que non se centra no municipio barquense, atende en demasía ao que se chamaba en tempos historia externa, descoidando aspectos socioeconómicos.

Este oco, especialmente para a segunda metade do século XIX e o total do XX, aínda que a pinceladas como non podía ser doutro xeito por ser obra sintética, é o que tenta encher o amigo Félix. Ademais despregou un aparato de ilustracións ben escollidas que completan o panorama. Cómpre

que reciba mil parabéns e pola miña parte de todo corazón...

Xa na mesma presentación mimicamente, e logo tamén en conversa privada, suscitei algunhas dúbidas sobre explicacións toponímicas que dá no libro sobre a orixe dos nomes Valdeorras e O Barco, cambiando algunhas impresións con Félix, que para iso é un Ateneo. Non dispoño aquí de espazo para falar sobre o primeiro topónimo, pero si me gustaría facer certas consideracións sobre o nome da localidade, porque coido que a explicación habitual é un tópico moi difundido, e que o noso autor se limita a seguir un pouco obrigadamente. Como me dixo confiaba no que di Fernando Cabeza Quiles (Cabeza: 98), a quen ao parecer coñece. Este toponomista é autor dunha extensa obra sobre nomes de lugar. Pero naturalmente é imposible coñecer en detalle as circunstancias de cada un deles. Parafraseando a Gregorio Marañón ("non hai enfermidades, hai enfermos"), o mesmo acontece neste campo: "non hai toponimia, hai topónimos".

Entrando en materia cómpre coñecer o desenvolvemento do nome do lugar (no libro de Félix pode verse un resumo nas páxs. 16-17). Eis algunhas formas históricas documentadas: San Martín de Villoria con sus anejos del Barco y Villabrilte (1571), Barco de Villoria (1598), lugar del Barco de Villoria (1600); el Barco de Villoria (1625); villa del Barco de Valdeorras (1664); el varco de Villoria (1677); Lugar del barco de uilloria (1691); San Amaro del Barco (1698); lugar del Barco (1727); Varco de Baldeorras (1735)

Paralelos peninsulares da mesma raíz: De acordo con a *Gran Enciclopedia Gallega* hai en Galicia 5 aldeas e 3 lugares con nome Barco (4 na Coruña, 1 en Lugo e 2 en Pontevedra). Hai un

Barcón (Devesos-Ortigueira-C), unha aldea Barcós (Cabanas- O Vicedo-Lu) e un caserío Barcós (Mañón-C). Na península o homónimo máis coñecido é El Barco de Ávila, vila irmandada coa nosa.

Hai ademais tamén derivados de barca que dan nome a vilas, algunhas con certo lustre, p.ex.: Vilanova da Barca (Valongo-Cortegada-Ourense) ou Barca de Alva e Ponte da Barca en Portugal. En Cataluña, San Andreu de la Barca (Baix Llobregat) onde consta que había unha para atravesar o río Llobregat (Bofarull, s.v.).

Precedentes etimolóxicos:

A localidade aparece tardiamente. Como vemos se rexistra ben avanzado o século XVI. É posible que xurdise antes, ou que o embacadoiro existise con moita anterioridade (non desde logo en época romana como ás veces se afirma, pois nada hai co documento). Aínda que López Caneda ofreceu publicar documentación baixo-medieval sobre O Barco - e non podo precisar a cita neste mesmo -, polo de agora non saíu a luz. É arredor dese embarcadero - e desembarcadero para os que viñan de Viloiira, pois desa localidade dependeu nos seus inicios - onde naceu o Barco, o que chamamos Porto da Barca, como García Yáñez reconece (p. 17, e máis explicitamente na p. 29: "*Porto da Barca, núcleo orixinal da vila*") e antes del outros autores, ata ser mesmo *vox populi*. Esa ligazón entre o nome da nacente localidade e o porto é fundamental. A miola do caso está en mostrar porque non é entón *Barca e non Barco.

A barca que servía para pasar desde a beira dereita do Sil, ao lugar de Viloiira, situado practicamente en fronte desta localidade, era un servizo fundamental para pór en comunicación ambas marxes fluviais e as respectivas poboacións. Ata o século XVII non se contaría coa Ponte Nova de Sobradelo -- sita 7 km augas arriba --, polo que só sería posible usar a Ponte da Cigarrosa, a uns 14 km do Barco río abaixo. A barca acurtaba as comunicacións nesta zona. A documentación demostra a existencia secular de tal barca e o seu arrendo. En realidade as barcas para cruzar o Sil

no Valdeorras foron varias, como se pode ver nas obras e no corpus documental de López Caneda, García Tato, Olga Gallego, etc.

Supostos étimos prerromanos

Sen embargo, esta orixe onomástica ten sido posta en causa, esquecendo que cada topónimo ten a súa propia historia. Hai unha certa teima etimolóxica que tenta buscar sempre raíces moito máis antigas ocultas nas voces máis claras. É o

que poderíamos chamar a manía arqueolóxica. Paradigma desta actitude témola no sr. Celdrán, para quen todo topónimo con raíz bark-, tipo Barca, Barcelona, Bárcena, Barco, son derivables dun prerromano (que en realidade é puro vasco), sen máis, i-bar-k-'val' máis diversos sufixos



O porto da barca

diferenciadores; só exceptúa Barcelá, Barceo e Barcheta, pero segundo tal señor, Barcarrota é híbrido de ibar-ka 'val' e o árabe rupta 'camiño' ou rutba 'portádego'. Por iso son de louvar as cautelas mantidas por Nieto Ballester, cando ao comentar o noso topónimo e outros dunha mesma serie, mantén que poden estar orixinados na existencia de "barcos o barquichuelas para cruzar ríos", e remata indicando "un estudio concreto e detallado de cada un dos topónimos para dilucidar as diversas posibilidades". Totalmente de acordo, porque senón no saco etimolóxico pode coller calquera cousa. Así Ferreiro, II: 50, nun por outra parte excelente libro, mete O Barco de Valdeorras con outros topónimos (Bar, Bara) para indicar que todos están unidos as raíces prelatinas *barc- / barg - 'altura, costa, concavidade, depresión', ...

A respeito de Barco e similares, é certo que non ten porque remontar á existencia de ningunha "embarcación" e pode significar "barranco, ribada" como ás veces socederá. Sobre todo, se o río do tal Barco ou tal Barca é un pequeno regacho, hai para desconfiar abondo de que a orixe do topónimo estea nunha "embarcación de pasaxe". Pero este non é precisamente o caso do Sil. Polo demais en calquera lugar posto a pé dun río é posible ver un barranco maior ou menor. É nada temos que dicir se o lugar está no medio do monte. Pero precisamente Dauzat e Rostaing cando explican o topónimo francés Barc (Eure), que era en 1088 Barchus, non acuden a un termo de paleolingüística, senón a un galo *barko, que asentan sobre o irlandés barc 'barca', porque a localidade está na cabeceira dun val alongado; é dicir, é a embarcación a que serve de metáfora para designar un lugar cóncavo e estreito nun val e non ao revés, non é a depresión do terreo a que serve de referencia.

A palabra barca é antiquísima. Aparece nunha inscrición latina atopada en Portugal e datada no século II d.C. (C.I.L., II, 13), o que da pe a que se teña defendido que é vocábulo hispánico (Corominas), rexeitándose a relación co grecolatino baris 'barca de Exipto', que á súa vez se orixinara nese país, polo que sería voz semítica. Durante a Alta Idade Media as datación máis antigas son tamén lusas.

Un resumo da tese en pro de Barco (de Valdeorras) = " depresión de terreo ", quizais a primeira en ser emitida, pode verse en Quintana Prieto: 173-172, do que reproducimos o seguinte treito: *"Se hace difícil pensar -- por no escribir que imposible -- que el pueblo, perfecto captador de los matices del lenguaje llamase 'barco' a un lugar por razón de una 'barca'. No es tan fácil suponer, si no se explica razonablemente, ese cambio de género en una denomina-*



ción. Difícilmente el pueblo llama 'barca' a una embarcación de pasajeros en el mar. Pero tampoco llama 'barco' a tal embarcación dedicada al mismo menester sobre las aguas de un río. Y menos aún el nombre inalterable de una barca pasaría a llamar 'barco' -- en masculino -- al lugar de su emplazamiento. Lo llamaría 'embarcadero', lugar de la barca. Pero ¿'barco'? Lo encuentro tan inexplicable, que no lo puedo admitir. Y no creo que haya quien esté dispuesto a ello seriamente".

Barco e barca: historia dunha palabra

Don Augusto, que era un excelente historiador, non investigou a palabra. Ao redacta-lo parágrafo precedente estaba pensando nos significados actuais de barca e barco. En realidade, ata mesmo o século XIX, barca e barco, non significaban sempre o mesmo que na actualidade e eran confundidos. O vocábulo medieval para designar unha embarcación maior, e máis precisamente as que navegaban, como entón se decía, no alto -- nas augas profundas, de mar, lago ou río -- era con frecuencia barca, como nos lembran as cantigas medievais:

El-Rei de Portugal / barcas mandou lavrar, / e lá irá nas barcas sigo /mía filla, o voso amigo. //

Barcas mandou facer / e no mar as meter, / e

levará nas barcas sigo, /mía filla o voso amigo . (C.V., 755). //

Mete El-Rei barcas no rio forte; quen amigo há que Deus llo amostre: ... (CV, 758) //

Vi eu, madre, andar / as barcas en o mar / e moiro-me de amor ! (...) (C.V., 246).

Mais tamén se poden achar exemplos con barco: lus'a lo mar e o río / eu namorada irei, / u el-Rei arma navio. / Amores, convosco me irei / lus'a lo mar e o alto, / eu namorada irei, / u el-Rei arma o

barco. / Amores, convosco me irei. (C.V., 759)

No ano 1440 arriba á cidade da Coruña unha embarcación inglesa con peregrinos para Santiago que ficou apresada. Un cóengo compostelán fai unha protesta: "... *et mandasen logo desenbargar a barcha catalina ...*" (barcha léase barca; cfr. Valiña: 38). O cronista portugués Gomes Eanes de Azurara (ca. 1416 - ca. 1474) que redacta á *Crónica dos feitos de Guiné* (1446) usa barca como 'nave marítima', apropiada para as longas travesías atlánticas: "... *fez o Infante armar uma barcha, da qual deu a capitania a um Gil Eanes, ..., não chegou mais que as ilhas de Canária, ..., e foi isto no ano de Jesus Cristo de mil e quatrocentos e trinta e três.*" Logo relata a expedición de Dinis Dias na que descobre as illas de Cabo Verde. Días vai en carabela e ten un encontro na altura do que chamaba Guiné(a) con embarcacións indíxenas: "... *a caravela seguia sua rota; ... E indo assim mais avante, toparam com outros barcos, os quais, vendo os nossos que eram homes, espantados com a novidade da sua vista e movidos com temor, quizeram todos fugir, ...*" (Tarracha: 133 e 141-142), nótese que as pequenas embarcacións, acaso canoas simples, dos indíxenas son denominadas barcos.

Aínda máis, o tamaño dunha embarcación de río podía ser considerable. Ferro Couselo recolleu unha boa escolma de documentos sobre as barcas que había na cidade de Ourense no século XV, pois a ponte que se estaba a construír non sería rematada ata comezos do século XVII. No volume II, doc. nº 398, do 16 de decembro do 1436, o concello de Ourense fai avinza cun carpinteiro: "... *Que o dito Johán Martís que ha de dar feita e faça doje a dous meses primeiros sigentes hua boa barqua de madeira, que leue e pase viinte rociíns carregados con seus moços que con elles foren, ...*". Ben que tecnicamente non era mais que unha gabarra, debía ter capacidade para transportar 20 cabalarías e os homes correspondentes, polo que as súas dimensións eran bastante respeitables, como para non confundila cunha simple lancha...

Augas arriba de Ourense, perto da confluencia do Miño co Sil, había tres portos: o de Santomé, do mosteiro de Santa Cristina; o de Pombeiro do mosteiro do mesmo nome e o de Entrambasaguas, que era do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, sobre este río precisamente (Duro Peña: 211ss). Cando en 1422 Santa Cristina afora o seu porto indica: "... *tragades barco eno porto do dito*

lugar.. et ao finamento da pustrimeyra persoa fique hun barco eno dito porto...".

O foro do porto de Pombeiro en 1448 fala tamén dun barco: "*leyxar este dito porto...con seu barco que en el andar*". En 1438 o mosteiro de S. Estevo de Ribas de Sil afora o barco de Entrambasaguas: "... *que pon(n)ades e tragades o voso qui(n)nón do dito barco eno acostumado porto, e pasedes e remedies vosa somana quando vos acontecer...*". Case un século antes, en 1344, funcionaba o barco de Torbeo no Sil: "... *e chegou ao barco de Torbeo, que está no lugar que chaman Campos*". (Ferreira: 222). Por contra no mesmo Miño, no Ribeiro, o mosteiro de Oseira pleitea en 1489 co conde de Camiña por unha barca, alegando: "... *e defendemos que a meetad da dita barca e pasaje do dito porto a Felgeyra nos perteesçe por lo señorío, jurdiçión e dominio real que teemos eno dito couto da Vestearía...*" (Ferro, I, doc. nº 107).


A diferenza de denominacións, barca / barco, é aclarada por Duro Peña: 212: "*en ditos portos soía haber barco e barca, esta para as cabalerías e aquel para as persoas. O prezo de construción das barcas, de maior tamaño, era superior ao dos barcos*". Aínda en 1528 afora Sto. Estevo de novo o porto de Entrambasaguas, e xa en castelán: "...*con tal condición que tengais en el [puerto] barco e barca residente...e que seais obrigado a poner barco e barca en el dicho puerto a vuestra costa cada e quando que fuere menester...*". Augas abaixo, no río Miño, en 1561, o mosteiro de Melón posuía tamén as súas embarcacións, que afora a particulares, deste xeito: "*Aforamos vos el dicho puerto desde el medio del rio para esta nuestra jurisdiccion que tengades el dicho puerto de barco libremente..., que dentro destes dichos limites no ande ni esté otro ningún varco de pasaje ni hagan puerto*" (Gallego:145). Logo dunha chea do Miño, un párroco de Ourense anota: "*llebó todas quantas barcas y barcos abia en el río*" (Gallego: 41). Máis de un século despois, en 1786, Sto. Estevo volve arrendar: "... *la barca y barco con que se vadea el río Sil en el propio lugar*".

Un traballo de Iglesias Almeida, sobre as barcas de pasaxe entre a ribeira galega e a portuguesa, na zona do Baixo Miño, pode axudarnos a comprender aínda máis a complexidade dos nomes das embarcacións (p. 41ss). Alí a denominada barca de pasaxe, compúñase, en realidade dunha parella. A barca propiamente dita, maior, podía transportar carros, bois, cabalerías, mercadorías, etc. O barco,

menor, tiraba da barca e servía para o transporte dos pasaxeiros.

A finais do XVIII ou comezos do XIX (a data ante quem é 1805, ano do finamento do autor), o Padre Sobreira, nas súas *Papeletas de un Diccionario Gallego*, explica o que se entende por barca, barco e mesmo barqueta: BARCA. S.f. *Embarcación sin quilla que ordinariamente se usa en los ríos.* C. Barca. Lat. Cymbus, Scapha. *Es en Galicia una plancha cuadrilonga de tablas fuertes, la cual levanta algo de cada cabeza.* BARCA.S.f, en Nogueyra de Remoin. *Es en la que pasan muchas caballerías y en esto es diferente de la Barqueta, que solo puede conducir una.* La Barca es cuadrilonga. BARCO. S.m. *En el mar es*

una embarcación pequeña, con quilla, su diminutivo o barqueta. BARCO. *En los ríos es un pequeño suelo o plano cónico, de tablas, asegurado sobre dos Dornas.*



BARCO. *Se compone de dos Dornas o maderos, las escavadas; Cadeeyras, que son los palos que atraviesan de Dorna a Dorna, y en el costado interior de la Dorna; se aseguran por la cabeza con Vios o clavos de palo.*

BARCO LONGO. S.m. *Embarcación de proa redonda; es de una sola cubierta, su arboladura y velamen, etc.*

De xeito que arredor de 1800, un barca era unha embarcación de regular tamaño, mentres por barco se entendía unha de menor volume, e era preciso acudir ao uso do sintagma "barco longo" para designar un navío de maior porte. Sen dúbida o seu uso lexical estaba a mudar, como se observan matices: a barca pasaba a ser sobre todo de río, e o barco longo preludiva o paso ao actual barco

no sentido de embarcación maior. Mais a barca de Amorín, no Baixo Miño, aínda en servizo en 1916, seguía constando de barca e barco, cos usos devanditos. A barca tiña uns 10 m de eslora e 3 m de manga, e podía transportar seis xugadas de bois, por contra o barco só alcanzaba uns 6 m de eslora (Iglesia Almeida: 42).

Coido que os datos achegados serven para comprender porque había barcos e barcas nos ríos galegos, sen que a xente se confundise necesariamente ou polo menos o barqueiro. Que a localidade chegase a denominarse Barco ou Barca dependeu de motivos que escapan, e que son unha escola popular que efectuada nun primeiro momento ficou fixada para sempre.

Certas precisións lingüísticas

En canto á obxección secundaria de Quintana Prieto, de que fose absurdo denomíname a nova poboación Barco, e non "Embarcadeiro", ata o punto de facérselle inadmisíbel, cabe lembrar que os topónimos son fenómenos lingüísticos e como tales están suxeitos ás mesmas leis que actúan sobre eles. Desde unha perspectiva lóxica ten razón Quintana Prieto. O razoable sería que o paraxe se denominase, p.ex. *Porto do Barco ou *Lugar do Barco. Pero aquí entran factores de economía de linguaxe, polos cales hai unha restricción de sentido, o que tecnicamente se denomina unha sinécdoque. Dos dous termos, neste caso desaparece o máis xenérico, o determinado: Porto / Lugar / Embarcadeiro, etc, para ficar só o determinante: Barco. E o fenómeno que vemos noutros casos frecuentes na lingua corrente. Falamos da capital, e non da (cidade) capital; do negro, e non do (home) negro; da catedral e non da (igreja) catedral, da calantornia e non da (persoa disfrazada de) calantornia... O mesmo sucede cos topónimos. Dicimos O Carballiño, e non o (Lugar do) Carballiño, Ourense e non (Cidade de) Ourense. Calquera pode escoitar: " fomos a Trevinca ", elidindo "Pena", mesmo en linguaxe culta, como no poemíña de Florencio Delgado Gurriarán " *Esquiadores* " : Do Barco os esquiadores, / a serra civilizaron. / As encostas de Trevinca / xa saben o que é o slalom.

O determinado dáse por sobreentendido, como pasaría con O Barco. Por outra banda algún exemplo paralelo demostra que non foi un caso único. En 1600 o porto de Entrambasaguas, era denomi-

nado Barca de Santisteban, pero en 1786 era simplemente A Barca (Duro Peña: 212; 214).

Paralelos noutras linguas


Tense feito unha última obxección: a inexistencia noutras linguas de denominacións semellantes. Vemos que, polo menos isto non é certo para as linguas peninsulares, pois no apartado de paralelos dimos algúns casos portugués e catalán. Pero é que existen tamén noutras familias lingüísticas. Posiblemente o lugar de maior tamaño en Europa está en Polonia: Lódz, terceira cidade dese país, que habitualmente se interpreta como un derivado do polaco lod "barco", cfr., checo lod' 'idem', lodka 'lancha', ruso lódka 'idem'. Para maior coincidencia o escudo de armas da cidade presenta un bote vacío cun par de remos, como acontece co do Barco (pódese ver ilustración na Wikipedia).

Nun país de ríos e canais, como é Holanda, achamos: Oudeschip (Groningen), porque no XVIII había un "vello barco" de servizo (Groenedijk: 24); oude é paralelo do inglés old 'vello' e schip como ship 'barco'. Het Schouw (Noord-Holland), lugar datado desde 1647, para o que se explica schouw como "een platte boot" (un bote plano), que efectuaba servizo de barcaza (Groenedijk: 209). Langeschouw (Noord-Brabant), como no caso anterior, con o adxectivo lange "longo" anteposto, a comparar co barcolongo citado por Sobreira (Groenedijk: 284).

Na Alemaña: Schifferstadt, en Baviera, que en 868 era Sciffestad, que se explica como "Stätte der Flosser", é dicir "lugar das balsas" ou tamén "dos barcos". Schüttorf, en Baixa Saxonia, que algúns explican como derivado de Schute "lancha de pouco calado".

En Suecia: Färjestaden, na illa de Oland, que recibe o seu nome polo barco transbordador que sae de aí para Kalmar, no continente. Färja é o equivalente do alemán Fähre e do inglés ferry 'barco de liña para cruzar un tramo acuático', polo que pode traducirse, algo libremente, como "vila do barco".

En Suíza: Schüpheim, no cantón de Lucerna, ca. 1160 Schifen, explicado como schipf 'barco' e -heim 'aldea, casa' é o equivalente alemán do inglés home "fogar, casa"), nas beiras do río Kleine Emme.



Bibliografía en sumario:

- Bofarull i Terrades, Manuel, *Origen dels noms geogràfics de Catalunya: pobles, rius, muntanyes, etc.* 1991.
- Cabeza Quiles, Fernando, *Os nomes da terra. Topónimos galegos.* 2000.
- Celdrán, Pancrácio, *Diccionario de topónimos españoles y sus gentilicios.* 2002.
- Corominas, Joan, *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana.* 2003.
- Dauzat, Albert ; Rostaing, Charles, *Dictionnaire étymologique des noms de lieux en France.* 1963.
- Duro Peña, Emilio, *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil.* 1977.
- Fernández Fernández, Ángel, *Valdeorras en el reinado de Felipe II,* in Monográfico nº 34, C.I.E.V.
- Ferreira Priegue, Elisa, *Los caminos medievales de Galicia.* 1988.
- Ferreiro Fernández, Manuel, *Gramática histórica gallega. I. Manual . II. Lexicoloxía.* Santiago de Compostela. Laiovento. 1996, 1997.
- Ferro Couselo, Xesús, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI.* 2Vols. 1967.
- Gallego Domínguez, Olga, *As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no Antigo Réxime.* 1999.
- García Arias, Xosé Lluís, *Pueblos asturianos: el porqué de sus nombres.* 1977.
- García Tato, Isidro, *Valdeorras cara al año 2000: Pasado, presente y futuro de una comarca.* 2 vols. 1996.
- Grandgent, G. H., *Introduzione allo studio del latino volgare.* 1914 (traducción do inglés).
- Groenedijk, T., *Nederlandse Plaatsname.* 2000.
- Iglesias Almeida, Ernesto, *Los antiguos 'portos' de Tuy y las barcas de pasaje a Portugal.* 1984.
- Lapesa, Rafael, *Historia de la lengua española.* 1980, 8ª edic.
- Nieto Ballester, Emilio, *Breve diccionario de topónimos españoles.* 1997.
- Quintana Prieto, Augusto, *Valdeorras. El Barco y el Nazareno.* 1969.
- Tarracha Ferreira, Mª Emma, *Literatura dos descubrimentos e da expansión portuguesa.* 1993.
- Valiña Sampedro, Elías, *El Camino de Santiago: Estudio histórico-jurídico.* 1990, 2ª edic. < 1973.
- Vázquez Rodríguez, Xosé Manuel, *Embarcacións fluviais no país dos encoros,* in Lvcencia, nº 22 - vol. XI. 2001.
- Vial, Éric, *Les noms des villes et de villages.* Paris. Belin. 1983.
- *Wikipedia* para orixe dalgúns topónimos europeos.

UN DOS NOSOS

Abdón Segundo García Núñez

SEGUNDO GARCÍA

(Un mártir asasinado en setembro de 1936)

Eras todo paixón, todo nobreza,
 Díraste todo á causa de Galiza.
 -tiñas, de cote, sede de xustiza
 e da Terra doíache a pobreza:
 Amabas do labrego a sinxeleza;
 do poderoso odiabal-a cubiza;
 era o ben dos humildes túa lediza
 e teu lecer dos eidos a beleza.
 Todo diches: acción e pensamento,
 paz e vida, razón e sentimento
 todo-los pulos do teu peito forte;
 e por eso os imbeciles e escuros
 contra a súa vontade de perxuros,
 premiáronte coa gloria ao darche a morte!



O poema de Florencio Delgado Gurriarán, publicado en México durante o exilio, na memoria do amigo persoal e compañeiro do Partido Galeguista resume a existencia dun home bó que pagou coa súa vida o amor á Terra e aos máis desposeidos.

A Segundo García, avogado, nado en Portela en 1893, sacárono da súa casa da rúa Tafona do Barco, un fato de golpistas: falanxistas e gardas civís, unha noite arredor do Cristo de 1936.

Levárono á “checa” da casa do Riocigüeiro para trasladalo a Ourense. De camiño, na vella estrada Nacional-120 á altura da ponte Bibei, asasinaron. A noticia da morte coñeceuna a familia ás portas da cadea mentres agardaban velo ao seu ingreso. O cadáver despois de roubarlle os zapatos e a carteira, recolleuno o “Canuto” quen o trasladou á fonda Casa Paco da estación da Rúa, e posteriormente levouse á consulta do médico Eloy Rodríguez Barrios, na rúa san Roque do Barco para facerlle a autopsia. Foi enterrado no cemiterio de San Xulián de Portela, ás seis da mañán, acompañado pola familia, a súa muller, Aurea Sanjuán, e os seus seis fillos. O Gobernador civil golpista, Manuel Quiroga, ordeara expresamente que “...sin que por ningún concepto puedan asistir al mismo más que los familiares del muerto, quedando prohibido bajo severas sanciones toda manifestación en dicho sentido”. Ata pasados tres anos non se permitiu anotar a súa morte no rexistro de defuncións do Concello de Vilamartín.

A morte de Segundo García obedeceu á sinrazón do terror, combinación de directrices do poder fascista e venganzas persoais, que tiñan como obxectivo silenciar unha vida dedicada á defensa dos ideas nacionalistas e republicanos. Na súa contra pesaba tanto a denuncia pública da pervivencia das prácticas electorais políticas caciquís “...si vieran, en los escasos pueblos en que se hicieron elecciones, a los caciques y beatas, haciendo honor a su fama aquéllos y éstas dando vivas a un Cristo electorero. Aquellos remozando sus antiguos métodos y unos y otros respetados por todas las autoridades...” (Carta en *El Heraldo de Madrid*, 1-12-1933), como a defensa xurídica dos labregos ante os abusos dos poderosos. **F. G.**

